

PLANO DE ORIENTACIÓN

CURSO 2019/20

EPAPU- FERROL

MERCEDES RODEIRO BARROS

DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN

INDICE

1. INTRODUCCIÓN.....	3
2. XUSTIFICACIÓN BASEADA NO CONTEXTO	
2.1. Contexto sociocultural e económico. Características do centro.....	4
2.2. Composición do Departamento de Orientación.....	8
2.3. Detección de necesidades.....	9
3. O D.O. E AS COMPETENCIAS BÁSICAS.....	9
4. O D.O E O PROXECTO LECTOR.....	11
5. O D.O E AS TICS.....	11
6. OBXECTIVOS XERAIS.....	12
7. PLANIFICACIÓN XERAL E ACCIÓNS PRIORITARIAS.....	13
8. ESTRATEXIAS DE INTERVENCIÓN	
8.1. Plano de apoio ao proceso de E/A.....	16
8.2. Plano de acción tutorial.....	18
8.3. Plano de orientación académica e profesional.....	24
9. METODOLOXÍA.....	25
10. RECURSOS.....	27
11. CRITERIOS DE AVALIACIÓN DO PLANO.....	28

1.INTRODUCCIÓN

Cando se traballa con persoas é importante saber que todos nós educamos e formamos na diversidade e dese xeito cada día crecemos un pouco máis como persoas.

Sempre tendo en conta que a Orientación é unha labor de equipo, ten un carácter procesual; que debe respectar as diferenzas individuais; que é para tódolos suxeitos e que basicamente debe ser preventiva. E, a finalidade fundamental que debemos lograr é a autonomía persoal e a madurez social do alumnado.

O que pretendemos é personalizar o proceso educativo o que supón:

- Por un lado: a individualización da Educación: edúcase á persoa concreta.
- Por outro: a integración da educación: edúcase á persoa completa.

E, tampouco debemos esquecer que a formación debe ser ao longo da vida algo moi importante a ter en conta nun centro específico de adultos...

A Resolución do Consello Europeo de 2004 sobre o fortalecemento das políticas, sistemas e prácticas en materia de orientación permanente en Europa reiteraba como prioritario o “desenvolvemento duns servizos de orientación para todas as persoas europeas, accesibles en todas as etapas das súas vidas, que as capaciten para xestionar as súas traxectorias de aprendizaxe e de traballo e a transición entes unha fase e outra”

Obxectivos estratéxicos definidos en consellos europeos posteriores mostraron a preocupación dos estados membros por mellorar os índices de persoas que acadan unha titulación básica, por incrementar as taxas de persoas que participan da formación permanente, por aumentar o uso das tecnoloxías da información e da comunicación, por potenciar o dominio dos idiomas e, en definitiva, por lograr persoas competentes,

Con este plano de traballo empezamos un novo curso e esperamos compartir cos integrantes da comunidade educativa moitos momentos no proceso de formación...

Ao final analizaremos os logros alcanzados ou en proceso... e seguiremos a traballar porque o importante é descubrir cada día que sempre podemos facer cousas positivas polos demais...

Este curso aumentou de maneira significativa o alumnado en tódolos niveis que se imparten no centro tanto nas quendas de maná como nas da tarde.

Outro tema importante a ter en conta nos tempos que corren e o de becas. .

Este curso solicitáronse 10 becas polo alumnado de bacharelato- Moitos alumnos solícítana pero como repiten curso non lla conceden.

2. XUSTIFICACIÓN BASEADA NO CONTEXTO

2.1.Contexto sociocultural e económico. Características do centro.

O centro está no barrio de Caranza pero o alumnado procede de concello limítrofes como Fene, Narón e o propio Ferrol. Aínda que hai outros procedentes de Neda, Mugar dos, Ares , Pontedeume e algún de Cariño e As Pontes.

O centro non ten barreiras arquitectónicas por iso facilita o acceso do alumnado que puidera ter algún tipo de discapacidade.

A idade dos discentes dende alumnos que aínda non cumpriu os dezaioito anos ata outros que superan os noventa pero que son exemplo de constancia e ilusión por aprender.

O seu nivel de estudos tamén é moi variable dende alumnos que apenas dominan a lecto- escritura ata outros a punto de acabar o bacharelato ou alumnos universitarios que veñen a facer cursos da aula Mentor.

O abano de nacionalidades é diverso dende algúns que procedes de países de América latina ata outros que proceden de países de Asia, África ou Europa..

Este ano aumentou o número de mulleres matriculadas con máis de corenta anos que desexa incorporarse ao mundo do traballo ou que xa traballando desexa ter unha

titulación. Hai un grupo importante que está interesada en temas relacionados coas familias De Sanidade , Servizos á Comunidade, Hostelería e outros.

A oferta educativa do centro é a seguinte:

- Ensinanzas básicas iniciais:

Hai dous niveles cun número importante de alumnas que asiste regularmente ás clases e un número importante pertence á etnia xitana e/ou son perceptores de axudas sociais.

No Nivel 1 hai 48 alumnos matriculados. Hai un grupo de 20 persoas das cales son mulleres 13 e 7 homes e outro grupo de 21 con 14 mulleres e 7 homes. A división nos dous grupos e por orde alfabética dos apelidos.

No módulo 2 son 41 persoas. Tamén hai dous grupos un de 20 alumnos con 13 mulleres e 7 homes e outro de 21 con 16 mulleres e 6 homes. A división dos grupos e por orde alfabética.

En total hai 89 alumnos matriculados neste nivel a maioría son perceptores de axudas sociais.

- Educación Secundaria para Adultos:

- Presencial:

Este primeiro cuadrimestre hai un curso de módulo 1 e outro grupo de módulo 3.

O curso de módulo 3 está formado por 27 persoas das cales 14 son mulleres.

E 13 homes. Algúns alumnos de semipresencial cambiaron a modalidade

poque desexaban ter máis clases semanais por módulo. Outra alumna

procedente de Rusia que estaba no módulo 1 fíxoselle unha avaliación inicial e pasou ao módulo 3.

No módulo 1 hai matriculados 18 alumnos e son mulleres 14 sete persoas

A media de idade deste grupo è baixa. Hai varios alumnos con problemas de aprendizaxe, TDHA alumnado que tiña adaptacións curriculares durante a escolarización obrigatoria e un grupo de mulleres doutras nacionalidades. Se se matriculan novos alumnos que desexan poñerse ao día e poden asistir a clase tódolos días en horario de mañá, incorpóranse ao grupo ata cubrir tódalas prazas vacantes.

O número total de alumnado matriculado na ESA presencial è de 47 alumnos.

Distancia :

A matrícula dos catro módulos está aberta todo o ano. Sempre hai máis alumnado nos módulos 3 e 4 pola convalidación de estudos.

Estes últimos cursos aumentou significativamente o número de alumnos matriculados nos módulos 1 e no módulo2.

Os alumnos desta modalidade educativa son:

Módulo 1: 39 alumnos veñen pola maña 20 e 15 pola tarde

Módulo 2: 21 alumnos e son da maña 17 e o resto de tarde

Módulo 3 grupo B mañás: 46 alumnos

Módulo 3 grupo C tardes: 37 alumnos

Neste nivel hai un total de 87 alumnos dos que 41 asisten pola mañá e 46 pola tarde.

Módulo 4 grupo B mañás: 67 alumnos

Módulo 4 grupo C tardes: 31 alumnos

Neste nivel hai un total de 108 alumnos dos que pola mañá veñen 67 e 31 pola tarde.

O número de alumnado deste nivel varía de semana a semana porque o estar aberta a matrícula os alumnos poden formalizar a matrícula ao longo do curso.

O número total de alumnos da ESA semipresencial é de 237 e o número total de alumnos do nivel de ESA do centro é de 284 alumnos.

Cursos da Aula Mentor. O número de alumnos matriculados crece cada ano e hai moita xente, maioritariamente mulleres, que unha vez rematado o GES fan cursos de temáticas relacionados con educación, sanidade e sobre todo informática.

Na actualidade están matriculadas 17 persoas nesta modalidade formativa

- **Bacharelato semipresencial** en varias modalidades:

- Ciencia e Tecnoloxía

- 1º A: 27 alumnos

- Humanidades

1º B: 34 alumnos

-Ciencias Sociales

1º C: 32 alumnos

En total hai matriculados en 1º de Bacharelato LOMCE 93 alumnos e alumnas.

En 2º de Bacharelato LOMCE hai os seguintes alumnos matriculados por grupos:

- Ciencias e Tecnoloxía:

2º A: 48 alumnos

- Humanidades.

2ºB: 39 alumnos

- Ciencias Sociales

2º C: 58 alumnos

Total de alumnos matriculados en 2º de Bacharelato LOMCE 145 alumnos.

En Bacharelato hai matriculados 278 alumnos e nos dous cursos de Bacharelatao hai 238 alumnos.

Moitos veñen rematar as asignaturas que lle faltan dende outros centros e os militares e doutras profesión necesitan o título para ascender no seu posto de traballo. Algúns deles teñen Ciclos de Grao Medio e pretenden facer un Superior.

- **Español para estranxeiros.** Está aberta a matrícula durante todo o curso e asisten alumnso de distinto nivel de coñecemento da lingua pero neste tipo de ensinanza faise unha atención individualizada.

Hai un total de 42 alumnos matriculados.

Hai un grupo de 32 persoas pola mañá e outro de dez polas tardes.

A matrícula dos distintos niveis varia ao longo do curso pero se fixésemos unha aproximación nos distintos niveis as porcentaxes serían:

EBI:11,79 %

ESA PRESENCIAL:6,2%

ESA DISTANCIA: 37,4%

BACHARELATO: 31,3,%

MENTOR:2,2%

ESPAÑOL PARA ESTRANXEIROS: 11,1%

2.2.COMPOSICIÓN DO DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN

O Departamento de Orientación este curso estará formado polas seguintes persoas:

- Mercedes Rodeiro- Orientadora e Xefa do Departamento de Orientación

Coordinación das reunións

Leváranse a cabo as seguintes reunións:

- MENSUAIS: A reunión do D.O. será os venres de 11 a 11,45 horas.
- SEMANAIS: A Orientadora e a Xefa de Estudos reunirase alomenos unha vez á semana para programar e reaxustar o funcionamento actividades relacionadas co D. O. E solventando aquelas necesidades que vaian xurdindo no desenvolvemento do curso.
- Cos TITORES E TITORAS estarase en contacto para solventar os problemas do alumnado.
- EXTRAORDINARIAS: cando sexan consideradas de interese.

Os principais acordos das xuntanzas quedarán reflectidas no Libro de Actas do Departamento e serán asinadas por tódolos asistentes á reunión

2.3.Detección de necesidades

A detección de necesidades levarase a cabo, entre outros, polas seguintes canles:

- Demandas directas do Profesorado e do alumando
- Entrevistas co alumnado
- Na interacción directa do Departamento co alumnado dos distintos niveis tanto e forma individual como colectiva.
- Iniciativas de distintos colectivos cos que colabora o centro
- Necesidades da Consellería
- Posta en práctica de programas polo propio centro
- A partir da Memoria do centro.

3.O D.O E AS COMPETENCIAS BÁSICAS:

No marco da proposta realizada pola Unión Europea, identifícanse oito competencias básicas. As máis relacionadas co Departamento serían:

- 1- Competencia en comunicación lingüística.** É unha das competencias que máis se usan no Departamento para atender ás demandas directas ou telefónicas por

parte dos adultos. A lingua empregada é a galega aínda que as veces o inglés ou o castelán segundo as distintas situacións.

- 2- **Competencia matemática.** Na memoria final elabóranse estatísticas que están sinaladas neste Plano de traballo.
- 3- **Tratamento da información e competencia dixital.** Internet é unha vía de acceso para obter información, enviar correos, para as presentacións de PowerPoint que sobre saídas académicas e profesionais se imparten aos alumnos e busca de información sobre consultas puntuais do alumnado.
O Departamento tamén colabora cando a Consellería pide información sobre o Departamento e elabora distintas estadísticas solicitadas.
- 4- **Competencia social e cidadá.** O alumnado que se matricula no centro pasa, na súa maioría, polo Departamento de Orientación onde se lle informa das ensinanzas do centro que mellor se adaptan a súa situación persoal e intereses.
Posibles vías de acceso a outros estudos, aspectos positivos e negativos de cada unha delas, aspectos a ter en conta na toma de decisións, e o alumno é o que toma a decisión.
Trabállase con distintos colectivos de mulleres, asistentes sociais, colectivos que traballan con xente con discapacidades, orientadores laborais...
- 5- **Competencia cultural e artística .** Cada curso aumenta o número de alumnado matriculado de distintas etnias como a xitana.

E, hai alumnos de distintos países non só en clases de español para estranxeiro senón na ESA e no Bacharelato.

6. **Competencia para aprender a aprender .** No Departamento sempre se ofrece posibilidade de traballar esta competencia en plan individualizado ou

se lle ofrece a posibilidade de autoaprendizaxe en Internet a través de distintas pxs web.

7. Autonomía e iniciativa persoal. As intervencións que se levan a cabo dende este Departamento tratan de favorecer que as persoas adultas tomen as súas propias decisións, as veces, cun proceso de seguimento e guía e análise cos interesados dos resultados das súas decisións.

Facilítaselles o proceso, segundo cada caso, para que asuman a responsabilidade nas súas decisións.

4. O D.O. E O PROXECTO LECTOR:

O material que merca o Departamento para os distintos niveis educativos e o que é traballado nas aulas polo profesorado como nas Ensinanzas básicas iniciais sería unha das apartacións ao proxecto lector.

Outro sería o material de técnicas de estudos e orientación académica e profesional do Departamento e que se lle facilita ao alumando na labor de asesoramento.

5. O D.O. E AS TICS

O Departamento dispón dun correo electrónico para que o alumnado faga consultas académicas e/ou persoais.

Na nosa px Web temos colgado un programa de Orientación académica e profesional que renovamos cada ano. Iniciamos a elaboración dun blog que iremos mellorando pouco a pouco.

Adquírese material das novas tecnoloxías relacionado co D.O.

E, seguimos a mellorar a información que poñemos na nosa px web porque detectamos que está sendo consultada segundo comentarios da xente que vén polo Departamento.

6.OBXECTIVOS XERAIS

- Resaltar os aspectos orientadores da educación, atendendo ao contorno real onde vive e se desenvolve o alumnado, o futuro que lles espera, favorecendo a adquisición de aprendizaxes máis funcionais, de modo que o centro aporte realmente “ unha educación para a vida”.
- Contribuír á personalización da educación favorecendo o desenvolvemento de tódolos aspectos da persoa cara a unha educación individualizada.
- Axustando a resposta educativa ás necesidades particulares do alumnado, mediante a utilización e optimización dos recursos do centro.
- Favorecer os procesos de madurez persoal, do desenvolvemento da propia identidade e do sistema de valores.
- Contribuír á adecuada relación ente os distintos integrantes da comunidade educativa, profesorado, alumnado e familias, así como entre a comunidade educativa e o contorno social.
- Atender a diversidade do alumnado e asesoralo segundo as súas necesidades e intereses relacionados co seu futuro profesional e académico.
- Colaborar co Profesorado no desenvolvemento do PAT e POAD do centro.
- Colaborar na detección de dificultades ou problemas socio familiares ou de aprendizaxe que poidan repercutir de xeito negativo no desenvolvemento persoal do alumnado.
- Intercambio de información e colaboración con outras institucións externas ao centro.

- Dotar ao Departamento de material para desenvolver adecuadamente os obxectivos planificados.

7. PLANIFICACIÓN XERAL E DEFINICIÓN DE ACCIÓNS

PRIORITARIAS:.

A planificación xeral estará referida a tres ámbitos de intervención:

- Plano de apoio ao proceso de ensino/aprendizaxe
- Plano de acción tutorial
- plano de Orientación Académico profesional.

Circular 10/2011 da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa pola que se ditan instrucións para coordinar as actuacións e establecer as accións prioritarias dos servizos de ORIENTACIÓN educativa e Profesional na Comunidade Autónoma de Galicia.

ACCIÓNS PRIORITARIAS DOS SERVIZOS DE ORIENTACIÓN

1- Relacionadas coa inclusión e a diversidade

- Asesorar ao equipo directivo sobre o contido do proxecto educativo e os documentos que o integran, especialmente sobre as medidas de atención á diversidade e a acción tutorial.
- Elaborar e poñer en práctica programas destinados á prevención e detección precoz de dificultades de aprendizaxe.
- Axustar as propostas de apoio educativo á realidade de cada alumna ou alumno, con intervencións inclusivas e orientadas polo potencial de aprendizaxe do alumnado,
- Asesorar aos departamentos, equipos de ciclo e profesorado en xeral nos procesos de axuste e desenvolvemento das concrecións curriculares, das

programacións de curso, das medidas de reforzo educativo e nas adaptacións curriculares.

- Facilitar asesoramento a toa a comunidade educativa sobre as diferentes medidas e recursos para a atención do alumnado con necesidade específica de apoio educativo.

2. Relacionadas coa acción tutorial:

- Colaborar co profesorado titor no desenvolvemento das medidas contempladas no PAT, asesorando á totalidade da comunidade educativa sobre o sistema educativo, os procesos de admisión, as accións de acollida, os cambios de centro e a participación organización e no goberno dos centros.
- Colaborar cos diferentes equipos docentes no deseño e elaboración de protocolos para a realización da avaliación inicial do alumando.

3. Relacionados coa convivencia e coa educación en valores:

- Diseñar e poñer en práctica programas destinados á promoción da convivencia e a resolución pacífica dos conflitos, asesorando na elaboración do plan de convivencia do centro.
- Asesorar á comunidade educativa sobre a elaboración e aplicación das normas de organización e funcionamento.

4. Relacionados co plan de orientación, co plan anual e coa memoria de cada curso

- Manter actualizado o plan de orientación, concretando no plan anual do departamento as actuacións previstas para o curso, os seus destinatarios, os responsables da súa execución e a temporalización correspondente.
- Realizar a memoria final do curso en base ao desenvolvemento do plan anual, cunha adecuada fundamentación das propostas de mellora que procedan para o curso seguinte.

5. Relacionadas cos procesos de avaliación e calidade:

- Colaborar nos diferentes procesos de avaliación do centro, nos termos que se establezan.
- Asesorar á totalidade da comunidade educativa sobre os proxectos de mellora e calidade do sistema educativo.

6. Relacionados co drdororienta:

- Facilitar, en forma e en prazo, a información que se demanda na aplicación informática drdororienta.

OUTRAS ACTUACIÓNS

.A. Relacionada coa aprendizaxe permanente e as saídas profesionais:

- Orientar ás persoas demandantes de información sobre o procedemento do recoñecemento, avaliación e acreditación de competencias; definindo, de ser o caso, o seu itinerario formativo.
- Participar e colaborar na difusión e apoio de accións de fomento da cultura emprendedora no alumnado do centro.
- - Prestar especial atención aos momentos de transición académica ou ao mundo laboral, e asesorando ao alumnado nos distintos itinerarios formativos, nas validacións, na elección de materias, nas competencias para a empregabilidade e nas técnicas de busca de emprego.
- Informar ao profesorado, ao alumnado sobre a inserción profesional, as oportunidades do mundo laboral.
- Asesorar sobre a importancia da formación ao longo da vida para a mellora profesional ou para a incorporación ao mercado laboral, prestando especial atención ás persoas adultas.

- Orientar e asesorar para a consecución da titulación ao alumnado e orientalo na toma de decisións para continuar estudos.

B- Relacionados coa coordinación dos departamentos de orientación

- Promover a coordinación entre os Departamentos de Orientación dunha zona para favorecer a integración laboral do alumnado.

8. ESTRATEXIAS DE INTERVENCIÓN:

8.1.PLANO DE APOIO AO PROCESO DE E/A

Coa entrada en vigor da Orde do 24 de xuño do 2008 pola que se regula a educación básica para as persoas adultas e establécese o seu currículo na Comunidade Autónoma de Galicia.

Este Departamento ten planificado levar a cabo as seguintes **tarefas**:

- Información individualizado do alumnado que se matricula no centro segundo o seu nivel de estudos. Cando o alumnado non ten xustificante dos estudos realizados se leva a cabo unha **avaliación inicial** tal como aparece reflectido na lexislación vixente. No Departamento hai probas para levar a cabo a devandita avaliación. Este curso académico fíxose unha avaliación inicial a principio de curso seguindo a lexislación vixente.
- Elaboración de estatísticas das ensinanzas básicas de da ESA presencial cos seguintes parámetros
- Sexo, Idade, nacionalidade, minusvalías, % de abandono, % de alumnado que supera os distintos ámbitos.
- Empregar progresivamente as novas tecnoloxías na resolución de dúbidas polos usuarios
- Mellorar a páxina web relacionada co Departamento de Orientación .

Neste curso dadas as características do alumnado e tendo en conta a disposición horaria do profesorado fixéronse unha serie de apoios nos distintos niveles educativos.

A relación e nivel dos mesmos aparece reflectida a continuación:

En Módulo 1 presencial hai os seguintes apoios:

-Juan Antonio Longarela reforzo no ámbito Científico- Tecnolóxico: 1 hora á semana

-Juan Carneiro reforzo en Ciencias Sociais: 1 hora de Reforzo á semana

-M^a Belén Alvarez: 1 hora de reforzo á semana na área de Inglés.

- Amelia Huzum 1 hora de reforzo no ámbito de Comunicación.

E, unha hora de titoría á semana

No Módulo 3 presencial ofértanse os seguintes apoios:

-Ignacio Arroyo: unha hora á semana no ámbito Científico- Tecnolóxico.

-Juan Carneiro unha hora de reforzo á semana no ámbito de Sociais e

-Begoña Armada, unha hora á semana no ámbito de Comunicación.

- Belén Mejuto, unha hora de reforzo de Inglés.

1 hora de titoría á semana.

Semipresencial

Módulo 1-grupo B-

-Alba Diaz Santano- unha hora de Comunicación

- Juan Garcia Novo- unha hora de Inglés

- Pilar Concepción Fernández Fernández- unha hora Sociais

- M^a Belén Gil Lago- unha hora de Científico

Módulo 1- grupo C

-M^a Belén Gil Lago- unha hora de Científico

- Juan Francisco Rey Fernández unha hora de Francés.

O resto dos ámbitos coincide co grupo anterior

Módulo 2 -grupo B e C

- Juan Antonio Longarela- unha hora de Científico
- M^a Begoña Armada Casás- unha hora de Comunicación.
- Pilar Conepción Fernández Fernández unha hora de Sociais
- M^a Belén Alvarez Mejuto, unha hora de inglés

Módulo 3 grupos B,C

- M^a Monserrat Dopico Malde- unha hora de Comunicación
- Pilar Concepción Fernández Gómez unha hora de Social
- M^a Belén Gil Lago unha hora de Científico
- Amelia Huzum, unha hora de Inglés

Módulo 4 grupos B,C

- Juan Antonio Longarela López- unha hora de Científico
- M^a Monserrat Dopico Malde- unha hora de Comunicación
- M^a Carmen Souto Figueroa- unha hora de Social
- M^a Belén Alvarez Mejuto unha hora de Inglés

No grupo C o ámbito científico é impartido por Ignacio Arroyo Cunha e ten unha hora.

No **Bacharelato** todo o profesorado ten a parte das titorías de Orientación unha máis telemática para atender ao alumnado

8.2.PLANO DE ACCIÓN TITORIAL

A lei básica das persoas adultas na sección segunda está adicada a Orientación e titorías e cada grupo de alumnos terá un titor ou titora. No seu horario terá unha hora semanal á atención titorial de cada grupo de alumnos.

Os centros educativos corresponderalles a programación, desenvolvemento e avaliación das actividades desenvolvidas na titoría , que serán recollidas no Plan de Orientación e acción tutorial. Considéranse os seguintes aspectos específicos referidos a este nivel de ensinanzas:

- A orientación académica e profesional axeitada que permita ao alumnado adulto a elaboración dun proxecto persoal realista e axustado aos seus intereses, aptitudes e necesidades.
- A axuda individualizada na adopción de hábitos e estratexias apropiadas para o estudo e organización do traballo, de acordo coas características singulares da súa situación persoal.
- A disposición de medidas de atención á diversidade que poida requirir o alumando adulto co fin de facilitar o seu desenvolvemento óptimo e, se é o caso, a adaptación do currículo establecido na etapa e módulo correspondente.
- A orientación persoal e de grupo axeitada que permita mellorar os procesos de integración escolar, de identidade persoal, de relación social e de mantemento da motivación e do esforzo necesarios para culminar con éxito o seu proceso de aprendizaxe.
- Seguindo a normativa vixente nomeáronse os seguintes titores e titoras nos distintos niveis do centro.

LISTADO DE TITORES DO CENTRO CURSO 19/20

ESA PRESENCIAL

Módulo 1- Juan Carneiro Rey

Módulo 3- Begoña Armada Casás

ENSINANZAS BÁSICAS

NIVEL 1-Alba Diaz Santano

NIVEL 2-Juan Garcia Novo

ESPAÑOL PARA ESTRANXEIROS- Juan Garcia Novo

ESA SEMIPRESENCIAL:

1ºB- Pilar Fernández Fernández

1ºC- Pilar Fernández Fernández

2º B- Belén Alvarez Mejuto

2ºC- Belén Alvarez Mejuto

3ºB- Mª Belén Gil Lago

3ºC- Mª Belén Gil Lago

4º B- Maca Souto Figueroa

4ºC- Ignacio Arroyo Cunha

BACHARELATO:

1º A- Ignacio Arroyo Cunha

1º B- Pilar Fernández Fernández

1º C-Pilar Fernández Fernández

2º A- Belén Alvarez Mejuto

2º B- Monserrat Dopico Malde

2ºC- Monserrat Dopico Malde

OS OBXECTIVOS XERAIS DENTRO DO PAT

- a- Optimizar o desenvolvemento psicosocial do alumnado
- b- Personalizar os procesos de E/A
- c- Coordinar a acción educativa do Equipo Docente
- d- Asesorar e axudar ao alumnado na súa auto orientación
- e- Colaborar co propio discente no seu labor educativa

OBXECTIVOS ESPECÍFICOS

A- REFERIDOS AO ALUMNADO

- Integrar ao alumnado no grupo e no centro
- Detectar as súas dificultades de aprendizaxe
- Profundizar no coñecemento do alumnado na súa dimensión persoal, social e educativa; co obxecto de personalizar a ensinanza
- Axudar ao alumno para que desenvolva o seu traballo de forma autónoma e eficaz.
- Facilitar información e asesoramento o máis personalizado posible sobre as diferentes opcións no seu futuro académico e profesional inmediato.
- Favorecer a auto avaliación do alumnado e o seu auto coñecemento.

b-REFERIDAS AO GRUPO CLASE

- impulsar actitudes participativas, cooperativas e de respecto mutuo
- Resolver os conflitos que vaian xurdindo por medio do diálogo construtivo
- Axudar ao grupo a establecer os seus propios obxectivos, as normas que os has de guiar

c- REFERIDAS AO EQUIPO DOCENTE

- Orientala adecuación das programacións ao grupo clase
- Participación na elaboración do Consello Orientador cando proceda

d- REFERIDAS Á FAMILIA(cando proceda)

- Favorecer as relacións ente o centro e as familias.
- Informarlles do desenvolvemento educativo dos seus fillos/as.
- _ Orientalos na educación dos seus fillos/as

CONTIDOS

- Actividades de acollida, presentación e integración
- - Actividades de convivencia
- - Elección de delegado
- Temas transversais
- Orientación académica e profesional
- Sesións de avaliación
- Avaliación da titoría

BLOQUES TEMÁTICOS DA TITORÍA

PERSOAIS E DE RELACIÓN NO CENTRO

- Autoestima
- “Claves do éxito persoal”
- Auto imaxe (Bulimia e anorexia)
- Elección de delegado e funcións
- Habilidades sociais e personalidade

TEMAS SOCIAIS

- Violencia de xénero
- Solidariedade/Ecoloxía

- Accidentes de tráfico
- Ed. Para a saúde
- Adición ás novas tecnoloxías

TÉCNICAS DE ESTUDIO

- Organización dunha sesión de estudio
- Ansiedade e stress nos exames

ORIENTACIÓN ACADÉMICA E PROFESIONAL

- Ciclos de FP
- Bacharelato
- Outras saídas profesionais
- Preparar oposicións

BUSCA DE EMPREGO

- Currículo
- Entrevista de traballo
- Test psicotécnico

PROPOSTA METODOLÓXICA

O Departamento propón traballar estes temas con materiais en distintos soportes e haberá charlas de expertos e distintas saídas a centros.

Imos pouco a pouco introducindo charlas e temas de interese nos niveis básicos das ensinanzas de adultos

RELACIÓN DE RECURSOS DA TITORÍA

<http://www.educared.net/>

<http://www.orientared.com/titoria.php>

<http://psicopedagogia.com/>

<http://www.profesores.net>

<http://www.agarmegia.com/acciontutorial.htm>

www.aulablog.com

www.orientared.com

www.brujulaeducativa.com

www.educarm.es/orientacion

<http://orienta.mecd.es/orieenta/>

www.orientacionescolar.com

www.acaoescolar.info

www.educaweb.com

www.educaguia.com

www.maseduca.com

www.needirectorio.com

www.profesores.net

Estas son de información xeral e hai outras máis específicas de cada un dos temas propostos

8.3.PLANO DE ORIENTACIÓN ACADÉMICA E PROFESIONAL

OBXECTIVOS XERAIS:

- a- Coñecerse a se mesmos. As súas posibilidades e limitacións, para poder tomar decisións axeitadas cara a o seu futuro académico e profesional.
- b- Coñecer o sistema educativo e ensinanzas regradas e non regradas.
- c- Coñecer o sistema soiolaboral: saídas laborais, dereitos e deberes dos traballadores, como buscar emprego.
- d- Coñecer o seu papel dentro da comunidade e utilizar os seus dereitos e deberes de forma axeitada

e- Implicar no proceso de orientación a tódolos elementos que forman parte da comunidade escolar

f- Desenvolver a capacidade crítica para a toma de decisións

OBXECTIVOS ESPECÍFICOS

a- Plano socio laboral e académico

- Coñecer e comprender o mundo no que vai vivir e traballar
- Comprender os conceptos básicos sobre a economía e o traballo
- Estar informado das posibilidades que lles ofrece o sistema educativo tanto na formación regrada como non regrada.
- Comprender a importancia e necesidade da educación permanente e da actualización periódica durante a vida adulta dado o cambio acelerado no sistema produtivo e nos avances tecnolóxico.
- Ser capaz de utilizar os recursos da comunidade para acceder as ocupacións: coñecer eses recursos e saber como acceder a eles e como utilízalos.
- Coñecer os diferentes tipos de empregos e ocupacións locais; coñecer as posibilidades ocupacionais da zona.
- Ter información sobre os diversos tipos de axudas económicas do ámbito académico e ocupacional: sistema de becas, axudas, como solicitar, a quen recorrer.

b- Plano persoal

- Autoavaliarse e tomar conciencia de cales son o tipo de actividades e traballos nos que se atopará a gusto e poderá realizar axeitadamente acorde coas súas capacidades e intereses.
- Autodirixirse na transición da vida escolar cara a vida adulta e laboral. Coñecer o proceso de toma de decisións e decidirse adecuadamente

- Mostrar iniciativas na busca de emprego
- Buscar traballo desenvolvendo habilidades que faciliten a busca de emprego
- Coñecer algúns centros e a súa oferta educativo

CONTIDOS

- Autocoñecemento
- Coñecemento do sistema educativo
- Coñecemento das alternativas do mercado laboral-profesional
- Proceso de inserción socioprofesional
- Proceso de toma de decisións

ACTIVIDADES PREVISTAS

A Orientadora dará charlas informativas aos distintos grupos para informar dos temas reseñados con anterioridade e tamén traerá expertos de distintos temas.

O programa Orienta 2017/18 pode ser baixado e consultado da px. web do centro polas persoas interesadas.

Atenderanse persoalmente tódalas demandas do alumnado sobre información.

Faranse visitas do alumnado a centros, e se é o caso a Universidade

9- METODOLOXÍA

A metodoloxía será dende a perspectiva da colaboración e participación.

Tratarase de optimizar os recursos existentes e trataranse de beneficiar os máximos elementos da comunidade educativa e favorecendo que cada educando sexa o máis autónomo posible e adquira as habilidades necesarias para a propia toma de decisións.

Cando sexa necesario actuarase de forma individualizada.

E, naqueles casos que fose preciso traballarase de forma coordinada con outras institucións ou derivaranse os casos aos profesionais axeitados.

A Orientadora pode facilitar a busca de información e esta debe ser o máis actualizada posible.

Empregáranse os taboleiros de anuncios das aulas, corredores e do propio centro para difundir información de interese xeral.

10- RECURSOS

O Departamento de Orientación, na medida das súas posibilidades, actualizará os recursos dos que dispón e poñeráos a disposición de toda a Comunidade Educativa, emprégano para elo:

- A propia adquisición de material
- A distribución de aquel que lle chegue ou se solicita a outras institucións
- A elaboración de dosiers propios
- Aquel que lle sexa demandado

CHARLAS PREVISTAS CURSO 19/20

1- SEGURIDADE EN INTERNET

Xaneiro do 2020

2- “Formación para o traballo e a inserción laboral

Meses de Marzo ou Abril dos 2020

3-A FORMACIÓN PROFESIONAL NOVOS SISTEMAS DE ACCESO.

Maio do 2.020

E, todas aquelas que sexan demandadas polo alumnado e o profesorado

11.CRITERIOS DE AVALIACIÓN DO PLANO

Os criterios que guiarán o proceso de avaliación serán:

- Grao de consecución dos obxectivos propostos inicialmente.
- Cumprimento dos acordos establecidos nas distintas reunións.
- Autovaloración do traballo e grao de satisfacción dos usuarios.

- Grao de adecuación do plano ás necesidades reais do centro.
- Capacidade de facer fronte ás distintas problemáticas xurdidas ao longo do curso.
- Modificacións incluídas para conseguir mellor os obxectivos
- Outras actividades desenvolvidas e non planificadas inicialmente

Estes aspectos quedarán reflectidos na memoria final que elabora a Xefa do Departamento que deberá incluír segundo o art. 15 da orde 24 de xullo do 98:

- Nivel de consecución dos obxectivos propostos
- - Dificultades atopadas
- Modificacións incluídas
- Suxestións de mellora para o curso seguinte